

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 9 DE XULLO DE 2015**

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:00 horas do 9 de xullo de 2015, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión extraordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

Dna. Margarida Pizcueta Barreiro  
D. Aurentino Alonso Araujo  
Dna. María Irene Dacal Feijóo  
D. Orlando Luis Arturo Saavedra Cantillana  
Dna. Diana Urdangaray Díaz  
D. Miguel Neira Ojea  
Dna. Cristina Domínguez Rodríguez  
D. Jesús Jares Almeida  
Dna. Alicia Álvarez Fernández  
D. Arsenio Moldes Gómez  
D. Carlos Javier Crespo Díaz  
Dna. Sabina Aguado García  
Dna. Nieves Rodríguez Voces  
D. Enrique Pérez Roca  
D. Antonio Melo García  
D. Félix García Yáñez

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º Ditame da Comisión Informativa de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá no asunto relativo á solicitude de erro nas bases de selección da praza de Tesourería.**

Pola Presidencia concédeselle a palabra o sr. Alonso Araujo que fai uso dela para dicir que o Tesoureiro do Concello entendeu que nas Bases de selección da praza de Tesourería, proceso realizado no ano 1992, existía un erro ou un pequeno defecto de forma, pois estas cualificaban o posto da

Tesourería como pertencente a escala de administración especial, subescala servizos especiais, cometidos especiais e ao seu xuízo este posto debería encadrarse dentro da escala de administración especial, subescala técnica polo que solicitou a corrección do que xulgou como un erro material das bases e que ante a solicitude se realizou un informe xurídico no que se sinala que non procede tal corrección que ao seu xuízo é máis un tema técnico que de outro calibre. Prosegue dando lectura ao ditame da Comisión informativa de Persoal, Tráfico e Seguridade Cidadá de tres de xullo de 2015.

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: denegar a solicitude formulada polo Tesoureiro Municipal de data 27 de abril de 2015 (R.E. núm. 3993), instando a corrección de erro material nas bases para a provisión en propiedade, por oposición libre, de 1 praza de Tesoureiro, por non tratarse dun erro material, de feito ou aritmético, ostensible, manifesto, indiscutible e evidente por si mesmo.**

**Segundo: notificar o presente acordo ao interesado con expresión do réxime de recursos.**

## **2º Ditame da Comisión Informativa de Obras, Medio Rural e cemiterio e Parques e Xardíns relativo á Modificación Puntual 14-01 do PXOM (muro da cerámica)**

Fai uso da palabra o sr Alonso Araujo e di que como xa saben os membros da Corporación, fai un tempo que o muro de contención da Urbanización A Cerámica veuse abaixo e dende o Concello houbo que acometer unhas obras que consistiron sobre todo en facer un novo muro de contención, dos chamados por gravidade de forma escollera, e houbo que ocupar unha franxa de terreo de aproximadamente dous metros do solar de abaixo. Di o concelleiro que no seu momento asinouse un convenio cos propietarios do solar para a cesión gratuíta de xeito que o espazo a recortar de edificabilidade tratábaselle de dar doutro xeito, a través dunha modificación no PXOM. Di que a Xunta de Galicia non aceptou o aumento de edificabilidade en vertical, polo que se decidiu manter as alineacións sen perder edificabilidade, e que iso é o que se trae neste punto da Orde do día.

O sr Alcalde fai lectura do ditame da Comisión de Obras, Medio Rural e Cemiterio de data 3 de xullo de 2015.

Concédeselle a palabra ao voceiro do P.P., o sr. Moldes Gómez, que di que é un tema do que se ven falando en varias Comisións de obras e que o seu Grupo estivo a favor e que tamén seguen estando agora.

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr. García Yáñez que di que lle gustaría facer algunha pregunta e logo facer unha proposta diferenciada da de a Alcaldía. Di que quixera saber si o responsable de facer a Urbanización era o responsable do muro, tamén saber canto lle custou ao Concello o muro e por último si se propuxo algunha alternativa como pode ser a expropiación da parte que se necesita ou intercambiar os metros cadrados en outro sitio. Di o sr. García que lle parece que a liña trazada na rúa é unha liña efectiva, que lle gustaría que se deixara a liña marcada no Plan de Urbanismo e chegar a un acordo cos propietarios de intercambio de metros cadrados noutro lugar ou senón que se chegue a expropiación ao ser unha obra de necesidade. Remata dicindo o sr. García que é a súa proposta e que votará en contra da proposta da Alcaldía.

Fai uso da palabra o sr. Alcalde para dicir que este tema xa foi debatido suficientemente pola anterior Corporación e que se está a falar dunha cuestión sobrevida polo que houbo que facer un muro de escollera pois era a única solución que garante de que non se volvería a caer o muro, que se chegou a un acordo coa propiedade coa intención de manter a liña que había no PXOM, e como a Xunta informou desfavorablemente esa posibilidade só queda a proposta de modificación que se trae ao Pleno, que a moción proposta polo representante de Riada entende que non se pode aceptar neste Pleno pois non se pode entrar nunha expropiación que leva moito tempo e lle vai a custar cartos ao Concello, que se puido facer no seu momento pero que entón o que se decidiu foi chegar a un acordo e asinar un convenio coa propiedade para a cesión dos terreos. Remata dicindo o sr. Alcalde que o Concello ten que responder dos actos que fixo anteriormente e que, como xa dixo antes, a Corporación anterior estivo de acordo con esta solución, polo que se vai a manter segundo está.

Concédeselle a quenda de intervención ó sr García Yáñez que fai uso da palabra para dicir que a liña dese solar é unha liña boa, que o Concello aproveitou esa zona durante anos para o aparcamento de camións, precisamente porque era moi ancha e que a solución que se propón é non recuar senón seguir a liña das casas que veñen do Barco, pero que a partir desa finca precisamente se recúa con respecto á saída de Rubiá, que a el parécelle unha boa solución un intercambio de metros cadrados noutro sitio, se non se quere gastar cartos en expropiar. Remata dicindo o sr. García que lle gustaría que se lle contestara canto custou a obra e porqué o propietario da urbanizadora non asumiu ese custo de reparación.

Toma a palabra o sr. Alcalde para dicir que a obra custou sobre 100.000€ aproximadamente, que está sen acabar porque un dos propietarios afectados decidiu facer unha construción na súa parcela que afectaba ao muro dese propietario e outro propietario vai a facer el o propio muro, e ao rematar esas obras soamente quedaría por rematar a parte da beirarrúa que queda pola parte de atrás, que o muro da cara unha rúa pública e non a terreo privado, polo que segundo os técnicos municipais era o Concello o propietario e ademais xa pasaran os dez anos de garantía e de responsabilidade polo que non quedou máis remedio que asumir a obra polo Concello. Pregunta o sr Alcalde si se vota a proposta do concelleiro García Yáñez.

Infórmase por esta Secretaría que o exposto polo sr. García máis que unha emenda é un consello ou rogo pois non emenda o ditame da Comisión de Obras, polo que non é preciso votar.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por dezaseis votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Pizcueta Barreiro, Alonso Araujo, Dacal Feijóo, Saavedra Cantillana, Urdangaray Díaz, Neira Ojea, Domínguez Rodríguez, Jares Almeida, Álvarez Fernández, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Aguado García, Rodríguez Voces, Pérez Roca e Melo García) e un en contra (do concelleiro García Yáñez), adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: aprobar inicialmente a modificación puntual 14-01 do PXOM (muro da Cerámica) segundo o documento que consta no expediente e que será dilixenciado pola Secretaría.**

**Segundo: someter o expediente a información pública durante o prazo de dous meses mediante anuncio no taboleiro de edictos do Concello, no Diario Oficial de Galicia e en dous dos periódicos de maior difusión de provincia. Durante dito período quedará o expediente de manifesto no departamento de urbanismo deste Concello, en horario de atención ao público, de luns a venres, de 09:00 a 14:00 horas. Neste prazo os interesados poderá formular as alegacións que consideren.**

**Terceiro: Suspender o outorgamento de licenzas urbanísticas nas parcelas catastrais cuxas referencias catastrais son 6487623PG6968N e 6487622PG6968N. A suspensión terá unha duración máxima de dous anos a contar dende a aprobación inicial e en calquera caso extinguirase coa aprobación definitiva do planeamento.**

**Cuarto: solicitar os informes sectoriais preceptivos aos seguintes organismos:**

**Confederación Hidrográfica do Miño-Sil  
Axencia Galega de Infraestruturas  
Instituto de Estudos do Territorio.**

**Quinto: notificar este acordo as administracións titulares de bens afectados e dar audiencia aos municipios limítrofes.**

**3º Ditame da Comisión de Contas do expediente de modificación orzamentaria crédito extraordinario 02/2015, financiado con cargo ao expediente de baixa por anulación 02/2015**

Fai uso da palabra o sr. Alonso Araujo para dicir que esta modificación é para facer fronte a uns gastos que houbo por unha serie de obras que se acometeron e que estaban sen partida no orzamento do ano 2015. Di que as obras foron unha reforma da instalación eléctrica nas piscinas de verán cun importe de 6.573€, para adaptar o cadro eléctrico á normativa vixente, e unha serie de actuacións nos núcleos rurais, que despois citará, e que aínda que inicialmente si que había unha partida presupostaria de mantemento desde Intervención considerouse que eran investimentos polo que houbo que facer esta modificación, que as obras en concreto son unha reforma de instalacións no polideportivo en Éntoma por importe de 2.920,11€, reparación no centro social de Raxoá por importe de 3.200€, reparación do depósito de auga de Fervenza por importe de 4.750€ e a reparación da canle de rego da presa de Santigoso por importe de 7.300€, que en total son 24.743,11€ que irían con cargo á Partida do orzamento municipal dedicada a “Persoal”, que é unha Partida presupostada para posibles postos de traballo que non se poden sacar por culpa da lexislación presupostaria de Montoro.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal del Partido Popular, o sr. Moldes Gómez, quen di que se está improvisando, que isto non estaba nos presupostos e que si eran actuacións importantes non entende como non se contemplou no presuposto e que parécelles uns compromisos electorais que tivo o equipo de goberno, aínda que o voto do seu Grupo vai ser a favor.

Fai uso da palabra o sr. García Yáñez quen di que de entrada parécelle ben os investimentos nas aldeas, que quere sinalar que o seu Grupo vai facer un seguimento dos investimentos en cada aldea para ver ó final do ciclo desta lexislatura cales son primadas e non primadas. Di que propón, si é posible,

que para que haxa un reparto equitativo de investimentos nas aldeas que os pedáneos foxen elixidos democraticamente nas aldeas, simplemente para ter máis forza ante o Concello e defender mellor aos veciños. Remata dicindo o sr. García Yáñez que calquera obra que se faga nas aldeas parécelles correcta sempre que reverta no beneficio dos veciños.

Di o sr. Alonso Araujo que de improvisación non hai nada, que se fixeron as reparacións porque apareceron humidades nun dos casos ou perdas no depósito ou na canle de rego, que iso non é improvisación que ocorre e xa está.

Di o sr. Moldes Gómez que pensa que iso non ocorreu nestes 15 días dende que tomou posesión a nova Corporación.

Di o sr. Alcalde que nestes 15 días non, foi nos seis meses despois de aprobar o orzamento, que por exemplo a canle de rego fíxose antes de comezar a regar senón xa non prestaba o servizo, que estase nun período de revisión de todos os cadros eléctricos do Concello, xa se cambiaron cinco ou seis, e o técnico municipal ó facer unha revisión da parte antiga das piscinas informou da necesidade de executar as melloras nos cadros para adaptalos á legalidade e acordouse en facer as obras antes da apertura das piscinas, por motivos de seguridade. Prosegue dicindo o Alcalde que sobre a elección dos pedáneos que neste Concello lévanse 16 anos elixindo democraticamente e que houbo eleccións formais en todos os pobos, que outra cousa é que en moitos pobos non hai quen queira ser pedáneo, que esa é outra cuestión, polo esforzo que supón e moitas veces polo pouco ou nulo agradecemento por parte dos veciños, que este Concello ten pedáneos que non teñen ningunha relación co Partido Socialista nin co Grupo de Goberno, que o problema non é como se elixen senón quen quere ser pedáneo nos pobos.

Di o sr. García Yáñez que si algunha vez se fixo unha elección democrática non invalida que se sigan facendo, que non haxa candidatos é porque igual non se lle motiva suficiente ou porque non están recoñecidos polo Concello cando fan o seu traballo e que seguen insistindo en que o procedemento máis democrático é a elección do pedáneo polos veciños.

Di o sr. Alcalde que é absolutamente infundado o dito polo sr. García Yáñez e que pensa que as súas afirmacións se basean no descoñecemento porque non se pode dicir que o problema é que o Concello non trata ben aos pedáneos, que iso está absolutamente fóra de lugar, porque é incerto total e absolutamente, que hai que estar forzando e tirando deles porque moitos queren deixar as funcións.

Di o sr. García Yáñez que ó estar ante unha nova lexislatura hai que facer entre todos o esforzo de que sexan elixidos democraticamente os pedáneos.

Di o sr Alcalde que non hai que facer un esforzo para facer algo que xa se está facendo, que o sr. García Yáñez parte da base de que ven aquí a propoñer algo novo e non hai nada novo na proposta, que legalmente o pedáneo é o representante do Alcalde por tanto é o Alcalde quen o nomea, pero que dende o primeiro día el tivo claro que o pedáneo era o representante dos veciños diante do Concello por iso sempre se intentou, e moitas veces se conseguiu, facer unha elección democrática no pobo, polo que non se pode propoñer como unha novidade cando se leva facendo 16.

Polo sr. Alonso Araujo faise lectura do ditame da Comisión de Contas de 6 de xullo de 2015.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: aprobar inicialmente o expediente de modificación do Orzamento da corporación para 2015 na modalidade de crédito extraordinario 02/2015 financiado co expediente de baixa por anulación 02/2015, que consta dos seguintes documentos:**

- **Providencia da Alcaldía do 18/06/2015.**
- **Memoria xustificativa da Alcaldía do 18/06/2015.**
- **Certificacións da Intervención do 18/06/2015.**
- **Informe de Fiscalización da Intervención Municipal do 18/06/2015.**

**Segundo: dispor a publicación do presente acordo no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido na normativa de Facendas Locais. Si transcorrido o prazo de exposición ao público, expresado no artigo 169.1. do TRLRHL, non se presentan alegacións ou reclamacións, o presente acordo elevarase a definitivo.**

**4º Ditame da Comisión de Contas do expediente de modificación orzamentaria crédito extraordinario 03/2015, financiado con cargo ao superávit orzamentario en termos de financiamento.**

Fai uso da palabra o sr. Alonso Araujo que di que este expediente correspóndese co aparcadoiro que temos na zona da Casa do Río Cigüeiro, que está sendo utilizado polos camións e sobre todo pola xente que vai a levar e a recoller aos nenos ao Colexio Divina Pastora, que ao ser un

aparcadoiro que non está asfaltado ten problemas sobre todo polo po que xera e ao ser un terreo público vai ser tratado con pavimento e asfaltándoo, que son aproximadamente uns 3.000 m<sup>2</sup> e iso supón un gasto de 51.201,63€, que iría con cargo ao superávit que existe.

Dá lectura o sr Alcalde ao ditame da Comisión de Contas de 6 de xullo de 2015.

Concédeselle a palabra ao sr Moldes Gómez quen di que van votar a favor neste punto, xa que en varias ocasións o seu Grupo, na anterior lexislatura, sacaron varias notas de prensa polas queixas dos veciños pola cantidade de po que xeraba a presenza de camións e que a consecuencia diso procédese a arranxar dito aparcadoiro, que o seu Grupo segue pensando que a solución para aparcadoiros de vehículos pesados non é esa senón facer unha terminal, que xa no ano 1999 presentou unha moción o PP para a construción de dita terminal e foi aprobada pero segue sen realizarse, que se estivera feita a terminal o custe para aparcamento, que sería soamente de turismos, sería de cantidades moi inferiores case a metade.

Concédeselle a palabra ao sr. García Yáñez quen di que están de acordo e piden que se delimite ben a zona de camións con respecto a de turismos e que se supervise que os camións non se eternicen no aparcadoiro, que haxa un período de estancia dos camións porque senón acabarán colapsando o aparcadoiro, que o seu voto vai a ser favorable.

Di o sr. Alonso Araujo que con respecto á terminal que cita o PP xa houbo bastantes Plenos nos que se falou do tema e que pensa que non lle compete exclusivamente ao Concello, pois os propios empresarios ou propietarios terían que implicarse e participar nesa posible busca de espazo para situar a terminal, como se fai noutros concellos similares ao Barco, que xa se falou na Comisión de Facenda que se vai a delimitar a zona e xa está previsto no proxecto un pintado independente de camións e de turismos.

Di o sr. Moldes Gómez que o Concello debería sentarse a falar con representantes dos colectivos citados e chegar a un acordo, incluso pedindo axuda a outros organismos.

Di o sr. Alcalde que o Concello xa falou cos responsables de Transportes deste país, que é a Consellería de Medio ambiente, a Dirección Xeral de Transportes e xa fai moitos anos que non fan unha terminal de transportes en Galicia porque a desculpa é a de sempre, non hai cartos. Di que facer unha terminal de transportes é un investimento importante e que quen tería que facela, a Xunta, non a vai facer, que esas terminais tamén custan cartos



aos usuarios, pois hai que pagar por estar alí e por ser usuarios desas terminais, e que neste caso o Concello con determinadas actuacións, como a urbanización do polígono de Cedie, a aparición de novos espazos para aparcamentos, ou como o aparcamento do que se está a falar neste punto, os transportistas teñen o problema resolto e, sobre todo, gratis, sen pagar nada por ter os camións aparcados, que si houbera moitos máis camións evidentemente habería que tomar outra decisión pero os responsables da Xunta terían que implicarse tamén poñendo cartos.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: aprobar inicialmente o expediente de modificación do Orzamento da corporación para 2015 na modalidade de crédito extraordinario 03/2015 financiado con cargo ao superávit orzamentario/remanente de tesourería para gastos xerais, que consta dos seguintes documentos:**

- **Providencia da Alcaldía do 29/06/2015.**
- **Memoria xustificativa da Alcaldía do 29/06/2015, de concesión do crédito extraordinario.**
- **Memoria xustificativa da Alcaldía do 29/06/2015, en relación ao investimento financeiramente sostible.**
- **Memoria económica da Alcaldía do 29/06/2015, en relación ao investimento financeiramente sostible, co informe do Arquitecto municipal de data 17/06/2015 como anexo.**
- **Certificacións da Intervención do 29/06/2015, de inexistencia de crédito axeitado e suficiente, e de uso do superávit orzamentario.**
- **Informe de Fiscalización da Intervención Municipal do 29/06/2015.**

**Segundo: dispor a publicación do presente acordo no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido na normativa de Facendas Locais. Si transcorrido o prazo de exposición ao público, expresado no artigo 169.1. do TRLRHL, non se presentan alegacións ou reclamacións, o presente acordo elevarase a definitivo.**

**5º Ditame da Comisión de Contas do expediente de modificación orzamentaria crédito extraordinario 04/2015, financiado parcialmente con cargo ao superávit orzamentario en termos de financiamento, e parcialmente con cargo ao expediente de baixa por anulación 03/2015**

Fai uso da palabra o sr. Alonso Araujo para dar conta do ditme da Comisión de Facenda de 6 de xullo de 2015 e di que este expediente correspóndese cunha serie de obras de acondicionamentos de camiños que en parte estaban xa presupostadas nos orzamentos municipais e outras que hai que acometelas con urxencia pois son en camiños que se deterioraron no pasado inverno, e como había una partida aberta para iso vaíse a suplementar con cargo ao superávit, porque así o permite a Lei de estabilidade presupostaria. Di o concelleiro que a contía sería de 99.849€, que inicialmente había presupostados 79.000€ de gastos para acometer estas obras contando cunha subvención de 30.000€, que ó final non chegou, polo que ó final hai que habilitar máis de 50.000€, que os camiños que se van a acondicionar son camiño de Alixo, camiño da estrada de Rubiá, camiño de Vilarrica, dous camiños de A Barxa, camiño de Nogaledo e que os que se deterioraron en inverno son un de Vales a Santigoso, un de Xagoaza e un de Vilanova.

Di o sr. Moldes Gómez que o seu Grupo vai a votar a favor neste punto.

Di o sr. García Yáñez que están de acordo, que lle parece ven que se restauren os camiños, pero que seguen a dicir que farán un seguimento das inversións nas aldeas, para ver si son equitativas ou polo menos cadran un pouco coa poboación das aldeas.

Di o sr. Alcalde que agradecendo o interese polas aldeas, non está mal que no primeiro Pleno xa se invistan 118.000€ en núcleos rurais e ademais en núcleos diferentes.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: aprobar inicialmente o expediente de modificación do Orzamento da corporación para 2015 na modalidade de crédito extraordinario 04/2015 financiado parcialmente cos créditos derivados do expediente de baixa por anulación 03/2015, e parcialmente con cargo ao superávit orzamentario/remanente de tesourería para gastos xerais, que consta dos seguintes documentos:**

- **Providencia da Alcaldía do 29/06/2015.**
- **Memoria xustificativa da Alcaldía do 29/06/2015, de concesión do crédito extraordinario.**
- **Memoria xustificativa da Alcaldía do 29/06/2015, en relación ao investimento financeiramente sostible.**
- **Memoria económica da Alcaldía do 29/06/2015, en relación ao investimento financeiramente sostible, co informe do Arquitecto municipal de data 17/06/2015 como anexo.**

- **Certificacións da Intervención do 30/06/2015, de inexistencia de crédito axeitado e suficiente, e de uso do superávit orzamentario.**
- **Informe de Fiscalización da Intervención Municipal do 30/06/2015.**

**Segundo: dispor a publicación do presente acordo no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido na normativa de Facendas Locais. Si transcorrido o prazo de exposición ao público, expresado no artigo 169.1. do TRLRHL, non se presentan alegacións ou reclamacións, o presente acordo elevarase a definitivo.**

**6º Ditame da Comisión de Contas do expediente de modificación orzamentaria suplemento de crédito 02/2015, financiado con cargo ao expediente de baixa por anulación 04/2015**

Di o sr. Alonso Araujo que este expediente correspóndese coa Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR), que é a ampliación que se está executando, que no seu momento se chegara a un acordo co Ministerio de Medioambiente para asumir o 80% do custe das obras, que o Concello asumiu un 10% e a Xunta de Galicia o outro 10% , que ao Concello correspondíalle aportar 182.713,11€, a Augas de Galicia tamén 182.713,11€, pero chegados a este momento coa obra practicamente rematada comezando a facer fronte aos pagos, desde o Ministerio de Fomento reclaman que o Concello abone a parte que lle corresponde. Di que a Xunta de Galicia só ten dispoñible para este ano 100.000€ para a obra co que hai que habilitar os restantes 82.713,11€, facendo uso da partida dedicada a persoal que xa se citou antes, que poderíase haber utilizado o superávit si o Concello houbera feito directamente a obra pero non se pode facer outro organismo pois a lei de estabilidade presupostaria non permite que haxa unha transferencia a outro organismo desde ese superávit. Dá lectura o sr Alonso ao ditame da Comisión de Contas de 6 de xullo de 2015.

Concédeselle a palabra ao voceiro do P.P., sr Moldes Gómez, quen di que o seu Grupo vaise a abster neste punto da Orde do día.

Concédeselle a palabra ao representante do Grupo Mixto, sr. García Yáñez, quen di que quería aclarar algunhas cousas como que se fai unha ampliación da EDAR que custa 1.500.000€, o Concello asume o 20% inicialmente, a ampliación está imposta pola Confederación Hidrográfica seguindo unhas directrices da U.E., que a obra se financia co 80% do Feder, a través da Xunta, e o 20% do Concello. Di que é a única obra do último plan de EDAR da provincia de Ourense que o Concello paga parte desa obra, pois

en Ourense a ampliación a paga o 100% o Feder, en Xinzo a nova depuradora a paga o 100% o Feder. Di que non sabe como o Alcalde do Barco se fía de acordos de palabra pois si se chega a un acordo cunha entidade oficial tería que estar por escrito, pois agora o Concello vai a pagar 300.000€ e Augas de Galicia só 100.000€ dos 182.000 que se comprometera, que somos a única zona da Provincia de Ourense que paga unha taxa por depuración de augas, cando xa se paga a depuración pola privatización do abastecemento de auga, que o máis grave é que os veciños do Barco pagan o recibo pola depuración, 300.000€ da ampliación da depuradora cando non hai un Concello na provincia de Ourense que pague as modificacións da depuradora e tamén os veciños pagan unha taxa creada polo sr. Baltar moi lonxe de onde ten el os votos, pois de creala tería que ser en Ourense xa que ao haber máis poboación hai máis contaminación, e por riba presume o sr. Baltar de que aquí hai unha taxa que é moi boa para Valdeorras, pero non a estendeu ao resto da provincia, entón o que pensa é que ao Concello o pillaron coas mans nos petos neste sentido. Di o sr. García Yáñez que o seu Grupo oponse a meter un peso máis na ampliación da EDAR, que cre que iso debe ser asumido, como no resto da provincia de Ourense, pola Xunta, pola Deputación, a través do fondo Feder, que se non o fixeron foi porque había intereses para que os veciños do Barco pagaran máis.

Di o sr. Alcalde que o sr. García Yáñez mistura moitas cousas e moitos dos datos que deu non son certos, que fala de máis de 300.000€ que vai pagar o Concello e o que se vai a pagar son 264.000€, que na provincia de Ourense hai concellos que pagan taxa como A Rúa, Ourense tamén ten taxa, que en calquera caso a depuración das augas residuais é competencia municipal, que o Concello do Barco tiña un problema grave na depuración das augas residuais porque non tiña capacidade e faltaban moitos recursos para que a depuración fose posible, que o Alcalde buscou financiamento para resolver o problema e atopouse no Ministerio de Medio Ambiente, con fondos Feder que sempre son cofinanciados e como máximo estes fondos asumen o 80%, e que esa foi a financiamento aportada por ese Fondo, que do 20% restante o Concello falou co Conselleiro de Medioambiente e despois con Augas de Galicia conseguíndose ese acordo, que el sempre se fiou das persoas e que sobre todo sempre tivo un respecto institucional e ata o de agora non lle fallou moito, que aínda que agora non cumbran xa cumprarán, xa poñerán o resto por outras vías, xa o compensarán, e que se non é así e fallan definitivamente el o recoñecerá, que segundo o sr. García Yáñez no acordo de privatización das augas pagábamos pola depuración e agora pagamos pola depuración e ademais unha taxa, e iso non é así pois dos recibos dos veciños do Barco desapareceu a parte de depuración e queda a taxa,

substituíuse os custes de depuración pola taxa, que parte dos custos do Consorcio os pon a Deputación e Augas de Galicia, que pon 200.000€ todos os anos de financiamento do Consorcio, a Deputación 80.000€ e os nove Concellos do Consorcio á redor de 60.000€, precisamente para que aos veciños dos núcleos rurais lle saíra a taxa máis barata.

Di o sr. García Yáñez que observa xenreira do sr. Alcalde ao dicir que el mentiu...que podía dicir que poden mentir pero que non rouban, que algúns dos seus compañeiros de Partido están encausados por iso.

Di o sr. Alcalde que o Pleno o dirixe o Alcalde e que cando se está falando dun expediente de modificación de presuposto vir a dicir que hai xente que rouba non é de recibo e que pediría un pouco de respecto.

Di o sr. García Yáñez que non se pode dicir que os datos non son certos cando os acaba de pedir ao Alcalde, que no contrato de privatización está incluída a depuración das augas residuais do Concello do Barco.

Di o sr. Alcalde que se cobraban no recibo.

Di o sr. García Yáñez que non estaba diferenciado no recibo, estaba incluído no consumo os gastos da depuración das augas residuais. Di que segue pensando que a taxa de depuración no Barco págase tres veces, se paga o acordo de privatización IVE incluído, os gastos de ampliación da depuradora e a nova taxa do Consorcio de Augas.

Di o sr. Alcalde que o acordo de privatización do ano 1997 tiña dúas partes, a privatización da auga e a aprobación das taxas, que para a privatización do servizo non facía falta maioría absoluta e o Grupo de Goberno, o PP, tiña maioría absoluta daquela pero rompeuse porque había concelleiros do partido que non votaron a favor da privatización, pero con maioría simple adxudicaron a privatización da auga. Di que ese acordo de privatización implicaba a aprobación dunhas novas taxas pero esa aprobación requiría maioría absoluta e non se puideron aprobar, que cando el chegou ao Concello presentouse a empresa e reclamou 25.000.000 de pesetas, que nunca se pagaron polo Concello, ao non ter aplicadas as novas taxas, entón houbo que aprobar á baixa as taxas e puxo 5.000.000 de pesetas para labores de automatización e cloración no Coutado, que todo iso se fixo polo ano 2002 aproximadamente e que dende ese ano os veciños do Barco pagan a depuración, que agora no recibo desaparece e aparece a taxa.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Pizcueta Barreiro, Alonso Araujo, Dacal Feijóo, Saavedra Cantillana, Urdangaray Díaz, Neira Ojea,

Domínguez Rodríguez, Jares Almeida e Álvarez Fernández), seis abstencións (dos concelleiros Moldes Gómez, Crespo Díaz, Aguado García, Rodríguez Voces, Pérez Roca e Melo García) e un en contra (do concelleiro García Yáñez), adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: aprobar inicialmente o expediente de modificación do Orzamento da corporación para 2015 na modalidade de suplemento de crédito 02/2015 financiada con cargo aos créditos derivados do expediente de baixa por anulación 04/2015, que consta dos seguintes documentos:**

- **Providencia da Alcaldía do 29/06/2015.**
- **Memoria xustificativa da Alcaldía do 29/06/2015.**
- **Certificacións da Intervención do 29/06/2015.**
- **Informe de Fiscalización da Intervención Municipal do 29/06/2015.**

**Segundo: dispor a publicación do presente acordo no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido na normativa de Facendas Locais. Si transcorrido o prazo de exposición ao público, expresado no artigo 169.1. do TRLRHL, non se presentan alegacións ou reclamacións, o presente acordo elevarase a definitivo.**

**7º Ditame da Comisión de Contas do expediente de modificación orzamentaria crédito extraordinario 05/2015, financiado con cargo ao superávit orzamentario en termos de financiamento**

Fai uso da palabra o sr Alonso Araujo qu dá conta do ditame da Comisión de Contas de 6 de xullo de 2015 e di que neste caso correspóndese a unha ampliación que se vai a facer no parque infantil do Malecón, o que está pegado ao skate park e o skate park vaise desprazar a outra zona, para o final das pistas do Malecón, que ese parque infantil está presupostado en 68.933,70€ e que iría con cargo á partida do superávit.

Concédeselle a palabra ao concelleiro do Grupo Municipal do PP, sr. Crespo Díaz quen di que si ben parece necesario por motivos de seguridade trasladar o parque, o seu Grupo cre que houbo unha falta de planificación e improvisación cando se fixo, xa que dos dous que hai o segundo fíxose sen ter en conta o primeiro, pola facilidade de acceso que hai entre un e outro, é dicir, sen as medidas de seguridade necesarias, o que parece un gran erro, que o seu Grupo pide que, unha vez retirado o parque e instalado no lugar que se pretende, se faga coas debidas medidas de seguridade, que ao seu xuízo o Malecón está cuberto suficientemente de parques, pois hai cinco e

que se deberían destinar os recursos a facer os parques de Millarouso, Forcadela, etc., así como arranxar integramente o parque infantil do barrio de San Roque, nas Casas Baratas, que xa foi obxecto de moitas peticións. Remata dicindo o sr. Crespo que se debería ter en consideración a construción dun parque infantil cuberto, que tamén hai peticións, e que en calquera caso van a votar a favor neste punto.

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr. García Yáñez quen di que vai a votar a favor, simplemente aportar que se teña en conta a instalación dalgún aparello nas aldeas, como por exemplo en Forcadela que facía 40 anos que non había nenos ou en Raxoá, que o parque das Casas Baratas ten dos aparellos máis vellos do Barco polo que piden que se retiren e se cambien, e sobre todo que se poña ese chan antigolpes que alí hai moita grava e os veciños fai tempo que reclaman que se modifique o solo, que con respecto ao parque de skate lles gustaría que estivera non ao final do Malecón senón a partir das pistas deportivas para ser unha continuación delas, porque así non se faría unha zona de gueto de adolescentes, estarían máis integrados no pobo, cerquiña das casas da rúa Gonzalo Gurriarán e non ao final onde xa non hai casas.

Di o sr .Alonso Araujo que con respecto ás apreciacións que fai o voceiro do Grupo Municipal del Partido Popular, hai cinco parques no Malecón pero os cinco están ateigados de nenos, que ao Malecón van todos os nenos do Barco ao igual que os xoves e os maiores, polo que hai que dar ese servizo, que están pensando en ir reformando pouco a pouco o resto dos parques infantís, así como dotar aos pobos de novos aparellos, e que nun futuro próximo tamén se tratará de ir corrixindo as deficiencias que poida haber e ir cambiando os pisos e ampliando o servizo.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: aprobar inicialmente o expediente de modificación do Orzamento da corporación para 2015 na modalidade de crédito extraordinario 05/2015 financiado con cargo ao superávit orzamentario/remanente de tesourería para gastos xerais, que consta dos seguintes documentos:**

- **Providencia da Alcaldía do 29/06/2015.**
- **Memoria xustificativa da Alcaldía do 29/06/2015, de concesión do crédito extraordinario.**
- **Memoria xustificativa da Alcaldía do 30/06/2015, en relación ao investimento financeiramente sostible.**

- **Memoria económica da Alcaldía do 30/06/2015, en relación ao investimento financeiramente sostible, co informe do Arquitecto municipal de data 30/06/2015 como anexo.**
- **Certificacións da Intervención do 29/06/2015, de inexistencia de crédito axeitado e suficiente, e de uso do superávit orzamentario.**
- **Informe de Fiscalización da Intervención Municipal do 30/06/2015.**

**Segundo:** **dispor a publicación do presente acordo no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia conforme ao establecido na normativa de Facendas Locais. Si transcorrido o prazo de exposición ao público, expresado no artigo 169.1. do TRLRHL, non se presentan alegacións ou reclamacións, o presente acordo elevarase a definitivo.**

**8º Ditame da Comisión de Contas da proposta de modificación da Base 29ª das Bases de execución do orzamento da Corporación para 2015.**

Di o sr. Alcalde que como xa se explicou na Comisión de contas, a Base 29ª fala do Pleno de organización de cada Corporación, polo que como o Pleno desta Corporación celebrouse o 25 de xuño de 2015, pois hai que corrixir a data do Pleno de Organización da Corporación anterior e poñer 25 de xuño de 2015. Dáse conta do ditame da Comisión de Contas de 6 de xullo de 2015.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.- Modificar o texto da Base 29ª das Bases de Execución do Orzamento, do seguinte xeito:**

***BASE 29ª.- RETRIBUCIÓN DE ALTOS CARGOS E INDEMNIZACIÓN POR ASISTENCIA A ÓRGANOS COLEXIADOS.-***

***1º.- Os cargos electivos deste Concello percibirán as retribucións, axudas de custo e indemnizacións conforme ao vixente acordo Plenario regulador das mesmas, de data 25 de xuño do 2015. Estas contías non experimentaran variación para o presente exercicio 2015, con respecto ao anterior exercicio. Tampouco variarán para o 2015, con respecto ao 2012 as contías previstas no devandito acordo Plenario de data 15 de xullo do 2012, polo que respecta ao importe das asignacións aos grupos políticos reguladas na Base 36ª, e que se imputarán á aplicación 912/489.00.***



(...)

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público esta modificación, por prazo de quince días hábiles, con anuncio no taboleiro de edictos e no BOP (artigo 169.1 TRLRFL). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo dun mes e, se non houbera, considerarase definitivamente aprobado o expediente, debendo procederse en ambos os dous casos á publicación da devandita aprobación definitiva, así como á remisión de copia do expediente á Administración do Estado e á Xunta de Galicia. A modificación, no seu caso, entrará en vigor unha vez publicado o correspondente acordo na forma prevista no artigo 169.3 TRLRFL.

**9º Ditame da Comisión de Contas da bonificación no ICIO solicitado por D. Jesús Arias López.**

Di o sr. Alcalde que se trata de obras menores de reparación de cuberta, fachada e ventás nunha vivenda sita na estrada de Veigamuíños nº 52, que conta cos informes técnicos favorables e cunha bonificación do 75% . Dáse conta do ditame da Comisión de Contas de 6 de xullo de 2015.

Non producíndose debate o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

**Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de especial interese social, por concorrer circunstancias previstas nos apartados do artigo 6. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.**

**Segundo: proñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% na cota do ICIO.**

**10º Ditame da Comisión de Contas da proposta de rectificación de erro na planimetría do Inventario Municipal.**

Di o sr. Alonso Araujo que trátase dunha parcela situada no Serro que parece ser de propiedade particular pero que a nivel catastral figura a nome do Concello do Barco, que se presentou polo interesado unha reclamación, que hai un informe técnico favorable onde di que procede modificar o Inventario municipal, facendo toda a tramitación necesaria para que no Catastro a citada parcela figure a nome do seu propietario. Dáse conta do ditame da Comisión de Contas de 6 de xullo de 2015.

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr García Yáñez que di que está en contra da rectificación, que si o propietario cre que ten dereitos que interpoña un contencioso-administrativo contra o Concello.

Di o sr. Alcalde que é complicado ir a defenderse nun contencioso-administrativo, que custa cartos, cando o informe do Técnico municipal di que procede a rectificación e que non existe constancia de que sexa público.

Di o sr. García Yáñez que si aparece na planimetría como público a parcela será pública.

Di o Alcalde que xa houbo no Concello do Barco un caso moi parecido cun camiño que figuraba no inventario municipal, a dona dixo que era dela e o xuíz dixo que figurar no inventario non implicaba propiedade municipal.

Infórmase por esta Secretaría que o que está mal é o plano do inventario municipal non a ficha do Inventario, que está correcta, por iso non se procedeu a unha investigación, que procedería o caso de existir dúbidas, pero o informe técnico é tan claro que non hai que iniciar un expediente de investigación.

Rematado o debate o Pleno en votación ordinaria e por dezaseis votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Pizcueta Barreiro, Alonso Araujo, Dacal Feijóo, Saavedra Cantillana, Urdangaray Díaz, Neira Ojea, Domínguez Rodríguez, Jares Almeida, Álvarez Fernández, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Aguado García, Rodríguez Voces, Pérez Roca e Melo García) e un en contra (do concelleiro García Yáñez), adopta o seguinte acordo:

**Rectificar o erro existente na planimetría do Inventario de Bens do Concello establecendo que o trazado do Plano da Pista Cuevas B chegue ata o límite das parcelas catastrais 880 e 875 Polígono 5.**

## **FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO**

### **1. Mocións urxentes**

Di o sr. Alcalde que non se presentaron mocións urxentes.

### **2. Rogos e preguntas.**

Pide a palabra o sr. Moldes Gómez quen, unha vez concedida, di que quere facer un rogo á Concelleira delegada do Servizo de limpeza e recollida de lixo consistente en que a concelleira fale coa empresa de recollida de lixo

porque nesta época do ano recoller o lixo ás dez da noite un sábado é moi cedo, que iso fixérono o outro día nas rúas Abdón Blanco e Pescadores, e nesta última fíxose unha gran cola de vehículos ao haber varios contedores, que tamén o outro día na rúa Eulogio Fernández estaban recollendo ás doce da mañá, o vehículo de recollida estaba á altura dos Xulgados e formouse unha cola de vehículos que chegaba ata o Hospital. Remata dicindo o sr. concelleiro que agora no verán terían que limpar os contedores e as súas inmediacións con máis frecuencia.

Concédeselle a palabra á sra. Álvarez Fernández, concelleira delegada que fai uso dela para dicir que o horario da recollida de lixo non se cambiou, pola nova concelleira, que comeza a recollida entre nove e media e dez da noite e sempre fan o mesmo recorrido, que non hai constancia de que houbera atascos como di o sr. Moldes e que na rúa Eulogio Fernández, como ben sabe o concelleiro, os martes e os venres pola mañá recóllese o cartón porta a porta.

Pide a palabra o sr. García Yáñez quen, unha vez concedida, di que ten varias preguntas que vai a facer a continuación dunha nunha para poder respondelas mellor. En primeiro lugar pregunta o motivo de que haxa rúas alumadas durante o día, cando se presume de ser un concello que mira moito o gasto de enerxía e si é por un problema de reparacións.

Contesta o sr. Alcalde que si están iluminadas pola mañá evidentemente é que están facendo reparación os electricistas, e para detectar os problemas teñen que acender o alumeado, que hoxe chamoulle a atención que pola tarde estaba acendido o alumeado público en Viloira, que mañá falará co encargado, pois igual foi para que fixeran o enganche os organizadores da feira do viño.

En segundo lugar o sr. García Yáñez pregunta, con respecto aos vaos, si é que se obriga a pagar vao á xente que ten acceso a través das beirarrúas á finca rústicas.

Di o sr. Alcalde que non o cre, que el non ten coñecemento, que o pago do vao non é porque non aparque ninguén diante da entrada do garaxe, senón que é polo uso que se fai da beirarrúa para poder entrar, é dicir que aínda que non se poida aparcar na súa beirarrúa loxicamente ten que pagar igual e solicitar o vao para acceder á súa propiedade a través da beirarrúa, senón habería discriminación en función de onde se decidira que se aparcaran os coches. Di o Alcalde que tamén é certo que hai xente que prefere pagar e

poñer un vao na entrada dunha viña ou dun solar, pero que dende o Concello non saíu ningunha orde de sancionar dende acceso a camiños.

En terceiro lugar o sr. García Yáñez pregunta se o colector da ponte vella de Viloira segue a verter ao río, e quere saber si está controlado este problema. Di o sr. Alcalde que non debería verter, que esta semana está de vacacións o técnico responsable do Consorcio e que o luns falará con el porque os bombeos están funcionando todos.

En cuarto lugar pregunta o sr. García Yáñez se a estrada que vai dende a casa de Outeiro ao Polígono é do Concello, provincial ou da Xunta.

Contesta o sr Alcalde que esa estrada é local.

Di o sr. García Yáñez que esa estrada ten moito tráfico e sobre todo de peóns, e pregunta se o equipo de goberno ten pensado ampliála, polo menos para facer beiravías, xa que e é moi perigosa.

Di o Alcalde que nesa estrada fíxose un arranxo integral, con aglomerado, cunetas, etc. no terreo do que se dispoñía, pois son fincas particulares e no seu momento ningún propietario cedeu terreo, que a estrada é estreita pero que existe a alternativa dunha pista de terra que vai dende o Polígono, ven ata A Raña e vai polo camiño das hortas ata saír xa no núcleo de Viloira, o que é un paseo máis agradable e máis seguro ao seu xuízo.

En quinto lugar roga o sr. García Yáñez que os restos que quedaron da obra de depuradora da piscina, que están debaixo da piscina, na pradaría, que deben ser restos de cando se fixo a ampliación da depuradora da piscina que se retiren xa que son perigosos ao conter ferros.

Di o sr Alcalde que cada dez días pasan por alí os xardineiros a segar e que o normal é que o viran, aínda así mirárase mañá.

En sexto lugar o sr. García Yáñez di que decatouse pola prensa que hai unha pianista que dá clases de piano nun lugar público e que lle gustaría que estas cousas culturais como as Festas do Cristo ou o caso desta pianista, porque participa o Concello mediante subvención de locais, que primeiro se falara na Comisión de Cultura, polo menos para sabelo os concelleiros antes dos veciños e por outra banda que non entende que cobre polos concertos que se celebran nun local público. Di o concelleiro que el é afeccionado á música clásica e que non coñece a esa pianista, que pode que estea aquí por ser unha exiliada, que lle gusta que veña xente importante e que a música se

espalle pero que non está de acordo con que se propicie cursos privados nos que se cobra en locais públicos.

Toma a palabra a sra. Pizcueta Barreiro, concelleira delegada de Cultura e Educación, que ela presentou a petición de Sara, a pianista, que o curso que vai a dar a finais de xullo, que se herdou un convenio asinado anteriormente a súa toma de posesión, que ela responde a partir do 13 de xuño non do anterior que ao seu xuízo nese convenio hai cousas que tampouco a convencen pero que está pechado polo menos durante dous anos, que tamén hai que dicir que a pianista cumpre o convenio integramente, que con respecto a si cobra polo concerto inaugural que dá, pois está no convenio asinado co concello, que non se puido poñer en coñecemento dos concelleiros porque non se convocou a Comisión de Cultura, pero que si os concelleiros queren que absolutamente todo o que se faga pase a Comisión terase Comisión cada 15 días ou cada semana, aínda que pensa que non é así pois no primeiro Pleno decidiuse que as Comisións foran cada dous meses.

Di o sr. Alcalde que as preguntas contéstanse polo concelleiro do Grupo de Goberno que estea aludido pero non se fai un debate, que en calquera caso o Grupo de goberno fai moitas cousas e cada vez que tome unha decisión, aínda que sexa pequena, non vai a convocar unha Comisión para informar aos concelleiros.

Di a sra. Pizcueta que a semana antes presentáronse os cursos de verán de Vagalume e tampouco se informou, entón non sabe porqué uns si e os outros non.

Di o sr. Alonso Araujo di que como concelleiro de Educación naquel momento no que se asinou o Convenio, dalgún xeito estivo implicado nese Convenio polo que quere informar sobre o tema. Di que a pianista chegou ao Barco vai a facer un ano e ofreceuse a colaborar co Concello en actividades culturais e só pedía un pequeno espazo para situar o seu piano, que entón polo arquitecto municipal valorouse o custo dun local equivalente ao espazo que ocupa un piano de cola, que ela traía desde o seu país de orixe, e que a partir da valoración do técnico municipal asinou un convenio, que en dito Convenio establecíase que ela como contrapartida ao uso dese local do Concello, que tamén pode facer uso del, ofrecería uns concertos gratuítos e a posibilidade de que a xente do Conservatorio, profesores e alumnos, poidan participar de xeito gratuíto en certas actividades que ela organiza, que dende o Concello se viu unha oportunidade moi importante para O Barco, pois é unha pianista recoñecida, que ten moitas publicacións e contactos, que a idea é que cando organiza un

curso a nivel de fóra da Comunidade é para traer xente ao Barco, que veñen a facer un curso e loxicamente a vivir ao Barco, o que deixará cartos no pobo, e que pensa que facer pobo é investir en algo para que logo te reverta dalgún xeito.

Di o sr Alcalde que pensa que o tema quedou claro e que de todas formar na primeira Comisión de Cultura que se convoque pódense pedir todas as aclaracións que se consideren oportunas.

### **3. Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 244/15 ata o nº 389/15.**

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 244/15 ata o nº 389/15.

### **4. Dación de conta do levantamento do reparo da resolución 281/2015 (premios concurso de maios e coplas 2015)**

A Presidencia dá conta do levantamento do reparo da Resolución 281/2015 de data 12 de maio de 2015 (premios do concurso de maios e coplas 2015).

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:20 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario, dou fe.

O secretario

O alcalde

Jesús Tallón García

Alfredo L. García Rodríguez